

Victoriano Taibo alén ABRENTE e DA VELLA ROSEIRA

Victoriano Taibo é poeta que ten suscitado ao longo da historia crítica galega dos últimos cincuenta anos pareceres non só abondo diverxentes, senón mesmo contrarios. Adscrito a diferentes grupos, promocións e aínda xeracións dependendo dos tratadistas, o escritor compostelán foi para aqueles que creron na valía dos seus versos un “poeta noble” que cantou “con “hermosa austeridad”, un creador “con vocación sin noite e unha grande mestría artesá” (Francisco Fernández del Riego), namentres que para outros ficou nun avantaxado poeta caballineano (Ricardo Carballo Calero).

Coa distancia que o tempo proporciona e co coñecemento da perspectiva contextual histórica da que hoxe se goza, cabería afirmar que a obra poética de Taibo constitúe un legado de interese certo e, se ben non se pode negar a proximidade da súa voz á do cambadés Ramón Cabanillas en determinadas composicións, é unha ponderación esaxerada etiquetalo reduccionistamente como simple poeta de escola.

E isto, xaora, á vista tan só da obra édita, é dicir, do poemario *Abrente* (1922) e mais o opúsculo *Da vella roseira* (1925). Ora ben, dificilmente pode vulgarse de modo integral a produción dun autor como Taibo cando restan aínda por compilar as ducias de versos que espallou pola prensa da época en numerosos xornais e revistas tanto de aquí coma de alén mar. Nin tampouco parece prudente aventurar un xuízo definitivo do seu quefacer lírico cando falta por exhumar a poesía que deixou inédita á súa morte.

Xustamente desta última vou ocuparme nos seguintes parágrafos, non só coa intención de informar sobre o material inédito que o autor conservou, senón tamén co ánimo de proporcionar os datos precisos para a mellor comprensión do por que esa poesía non acabou sendo editada no seu día e de cal foi o proceso de concepción e xestación da mesma ata chegar a corporeizar nos dous poemarios nos que se viu agrupada.

Os MANUSCRITOS DE *Abicedo* E *Cabrinfolas*

Tal como chegou aos nosos días, a obra en verso inédita de Taibo figura reunida en dous poemarios: *Abicedo* e *Cabrinfolas*. Ambos e dous posúen un tamaño de quince centímetros de alto por vinte de ancho e, namentres que *Cabrinfolas* presenta un total de sesenta e catro follas numeradas no verso e anverso e incorpora un índice final, *Abicedo* suma noventa e sete sen ningún indexado por remate. Por xunto, os dous manuscritos alcanzan as setenta e unha poesías (trinta e cinco de *Cabrinfolas* e trinta e seis de *Abicedo*), maioritariamente tituladas, agás nove textos nos que non consta cabezaleiro ningún.

Finalmente, o material que incorporan -moi variado tanto pola súa temática coma pola súa extensión- inclúe poemas longos de varias páxinas xunto a composicións máis breves duns cantos versos.

Ora ben, estes cadernos manuscritos non son os únicos textos autógrafos que o escritor deixou, pero si aqueles sobre os que fixo manifesta a súa vontade aos seus legatarios familiares que desexaría fosen publicados algún día. Mais tamén se conservan outros tres cadernos dispostos pola súa man. Dous deles constitúen cadansúa versión previa de *Abicedo* e *Cabrinfolas* e un terceiro é un caderno borrador no que foi compilando diverso material que logo reaproveitou para as versións previas ou finais dos dous primeiros.

Estoutros cadernos previos de *Abicedo* e *Cabrinfolas* figuran mecanoscritos case na súa

[Arquivo Familia Taibo]



› Victoriano Taibo entre Cabanillas, no acto da súa coroación poética, en Padrón, e Xulio Sigüenza. A foto leva detrás unha dedicatoria de Cabanillas e unha nota manuscrita de Taibo: *Coroación de Cabanillas. Padrón. 8/04/1958*



► Cabrinfollas

totalidade, cousa que non acontece nas versións definitivas de ambos, que, como se dixo, aparecen completamente manuscritas. A explicación radica no feito de que o autor, de avanzada idade, cando confeccionou as súas últimas escolmas, sentía xa moita incomodidade e dificultade para a escrita mecanográfica, polo que preferiu traballar coa pluma, máis agradecida ao seu debilitado pulso.

Por tanto, os cadernos nos que Taibo foi dispoñendo os distintos materiais poéticos que posuía para unha posible publicación son cinco: dúas coleccións definitivas manuscritas que, por tal motivo, poden denominarse *Abicedo (ms.)* e *Cabrinfollas (ms.)*, dúas versións previas ás que se aludirá pola súa natureza mecanográfica como *Abicedo (mc.)* e *Cabrinfollas (mc.)* e unha colectánea matriz á que lle acae o título de *Caderno borrador*.

Cómpre advertir que dos sesenta poemas que se inclúen en *Abicedo (mc.)* –que levaba como frontispicio o poema de Ramón Cabanillas “San Patricio...”, soarego de *Abrente* que despois desaparece en *Abicedo (ms.)*– hai trinta e unha composicións que o poeta descartou para *Abicedo (ms.)* e outras catorce que si aparecen neste último pero que non contén *Abicedo (mc.)*. En todo caso, destas catorce composicións “novas” catro foran xa publicadas en *Abrente*, outras catro derivounas dende *Cabrinfollas (mc.)* e dúas apareceran en prensa, polo que se pode afirmar que de *Abicedo (mc.)* a *Abicedo (ms.)* Taibo se limitou a redistribuír e reorganizar materiais xa coñecidos e

unicamente engadiu catro poesías inéditas a *Abicedo (ms.)*, xustamente aquelas coas que o libro se abre e que agrupou baixo o rótulo común de “Poemas do San Xohán”.

Da súa banda, *Cabrinfollas (mc.)* contén cincuenta e tres composicións e recolle xa todas as que logo aparecen en *Cabrinfollas (ms.)*; mesmo unha delas, “Dame tantiño”, presenta tres versións diferentes nesta colección. A maiores, *Cabrinfollas (mc.)* reúne outras quince poesías que Taibo desbotou para *Cabrinfollas (ms.)*, pero que son na súa maioría textos xa coñecidos por estar en *Abrente* ou éditos en revistas e xornais.

Finalmente, o *Caderno borrador* presenta corenta e seis poemas, un deles, “Cristiandade!”, en dobre versión. Desta corentena longa de poemas tan só tres se recuperan para os definitivos *Abicedo (ms.)* –“Volvoreta raxadiña...”– e *Cabrinfollas (ms.)* –“Nos ollos escoleres...” e “A lercha”–, e aínda estes a través de *Abicedo (mc.)* e *Cabrinfollas (mc.)*, nos que xa figuraban incorporados.

ORIXE E XESTACIÓN DOS POEMARIOS

É tarefa abondo complexa o tentar determinar con fiabilidade as datas exactas nas que Taibo principiou e puido dar por rematado o seu labor de auto-antologador dos poemarios *Abicedo* e *Cabrinfollas*. Entre outras cousas porque foi o compostelán escritor que dende ben cedo gustou de preanunciar a saída de obras súas –sempre en fase de preparación– e porque, amais, o seu perfeccionismo o arrastrou a unha inacabable revisión do material poético propio na procura de por vida dunha autoescolma que o convencesse definitivamente.


Así se explica que en data tan temperá como o 30 de xuño de 1917, ao publicar o poema “Espiñas e bágoas” no semanario *A Nosa Terra* este aparecese cunha indicación final que rezaba: “Do libro no teare *Agarimos e xenreiras*”. Como é sabido, tal libro nunca saíu do “teare”, aínda que ese mesmo ano Antonio Valcárcel no artigo

“Crítica menuda. Victoriano Taibo” –inicialmente publicado en castelán en *La Región*, 17-7-1917 e logo traducido ao galego pola cabeceira *A Nosa Terra*, 26, 30-7-1917– volvese insistir sobre o particular en termos ben laudatorios: “... este hombre joven y generoso que muy pronto dará una muestra más de su mágico y robusto plectro en su libro *Agarimos e xenreiras*”.

¿Que aconteceu con aquel ideado *Agarimos e xenreiras*? Pois que acabou converténdose co tempo no poemario, este si édito, *Abrente*, que, seguramente, coincidiría só en parte co espírito daquel primeiro proxecto.

Doutra banda, e este é sen dúbida o xermolo dos futuros *Abicedo e Cabrinfolas*, aínda botaría Taibo a andar na Pregarra outra aventura publicista fanada. En efecto, uns anos despois de ver luz *Abrente* e *Da vella roseira* o de Santiago publicaba o poema “Dixo ben e dixo muito...” no semanario *A Nosa Terra* cunha aclaración ó remate na que se lía: “De *Enxangadas*, libro que se vai a publicar”. Isto acontecía polo Día da Patria de 1928, pero tres semanas máis tarde, concretamente o 15 de agosto, a emblemática *Nós* reproducía “Seres aleixoados, opresos pola dore...” indicando que proviña “Do libro *Enxangadas*, que vai aparecer editado por *Nós*”.


Que Taibo estaba decidido a publicar ese novo volume de versos e que xa establecera os



pertinentes contactos é incuestionable, pois nunha auto-entrevista pseudodiálogada que el mesmo inseriu baixo o revelador título de “Ante a saída de *Enxangadas*. A miña primeira interviú” no voceiro *A Nosa Terra* do 1 de xullo de 1929 proporcionaba cumprida información sobre o asunto:

O vocábulo *enxangadas*, que dá nome ao meu libro, quer decire cousas ou traballos faxeiros. Así o empregan os peisanos dos arredores de Santiago. Eles van à vila de preto pol-as enxangadas que precisan para a vida cotián. Eu tamén fixen un viaxe pol-os meus papés vellos e pol-os versos que publiquei n-outrora, à cata das miñas enxangadas literarias (...) Ofrezo o meu libro (...) só lles poño unha condición: que merquen todos os exemplares (...) Pídemo Ánxelo Casal, meu amigo, editor e cómplice n-esta arrousada”.

Por remate, aínda coa aparición da poesía “Só na miña terra” en *Vida Gallega* polo 30 de xullo dese mesmo ano lembrábase outravolta que aqueles eran versos: “De *Enxangadas*, libro que vai a saíre”. A partir deste momento non se volve saber máis nada de *Enxangadas* coa excepción dunha pasaxeira alusión de Francisco Fernández del Riego moitos anos despois (cfr.



▶ Ánxel Casal

infra). ¿Que aconteceu? ¿Por que Casal non o imprentou en NÓS como parecía máis que acordado e decidido? Preguntas de esquiua resposta...

Secasí, o que semella claro é que tras a saída de *Abrente* e *Da vella roseira* Taibo comezara a preparar un novo volume para a súa posible publicación e que ese novo proxecto ía recoller materiais que fora dando a coñecer na prensa periódica xunto con outros que naquela altura estaban a nacer e aínda non viran letra impresa. Pois ben, en esencia, o proxecto de *Enxangadas* sería retomado tras a infernal paréntese da Guerra Civil –non se perda de vista que o poeta foi represaliado como docente, sendo trasladado e obrigado a exercer catro anos fóra de Galicia– e reconducido aos volumes que logo serían *Abicedo* e *Cabrinfollas*.

Por tanto, aínda que as datas exactas, como se explicou, son de moi difícil precisión, todo parece indicar que o poeta santiagués deu a primeira forma aos cadernos que conteñen *Abicedo* e *Cabrinfollas* andando os anos corenta, pois o que si é seguro é que en 1950 xa tiñan unha redacción inicial cos títulos de *Cabrinfollas* e *Abicedo*. Probablemente esas versións orixinarias irían mudando de forma ?aumentando no número de composicións, facendo intercambio de textos dun a outro caderno etc.– ao longo desa década e dos

primeiros anos da seguinte ata desembocar primeiro en *Abicedo (mc.)* e *Cabrinfollas (mc.)* e, posteriormente, *Abicedo (ms.)* e mais *Cabrinfollas (ms.)*. Así pois, tal e como hoxe se conservan, estes cadernos cabería datalos como de primeiros dos anos sesenta, tempo, por certo, non que aínda se publicaron en revistas algúns dos seus textos.

Cinguíndonos agora aos definitivos *Abicedo (ms.)* e *Cabrinfollas (ms.)* –únicas coleccións que o escritor *quería* publicar, non o esquezamos–, cómpre sinalar que canto ao material do que Taibo se serviu para elaborar estas dúas obras acaba por resultar toda unha miscelánea, pois xunto a textos estritamente inéditos o escritor recuperou tamén moitas poesías que xa publicara no libro *Abrente* e grande número de poemas que fora dando a coñecer en revistas e xornais. Deste xeito, ambos cadernos amósanse como un mostrario grandemente representativo da súa traxectoria, non só polo vizoso dos estilos e asuntos tratados, que tamén, senón sobre todo porque neles se recompilan versos escritos e publicados dende 1913 ata medio século despois.

Doutra parte, estes textos teñen de ser por forza decisivos á hora de reconstruír e fixar textualmente parte da súa obra édita, pois aquí



teñen cabida moitos poemas con versións alternativas respecto daquelas coas que foron no seu día publicados ben en *Abrente* ben na prensa periódica.

Os libros que non foron

Non sabemos se foi a única ou sequera se foi a principal causa, pero o que esta claro é que no pensar de Taibo a posibilidade xurdida en 1950 co nacemento da Editorial Galaxia de ver publicados os seus versos no selo vigués esporeou o autor decidíndoo a volver preparar para a edición as súas poesías. A carta de Francisco Fernández del Riego datada o 6 de outubro de 1950 que a seguir se extracta explica o nidiamente:

Sr. D. Victoriano Taibo
Morgadáns

Meu querido e lembrado amigo:

Lin, calmamente, os poemas de “Abicedo” e de “Cabrinfollas”. Tiven moitas dúbidas pra lle axudar ô labor selectivo que vostede xa fixo con bô tino. Coido que “Abicedo”, tal como está, é un libro que representa ben cumpridamente a súa significación poética. Despois de moitas voltas, cheguei á conclusión de que n-il quizaves se puidera prescindir dos seguintes poemas (...)

Todos eles poderían pasar a “Cabrinfollas”. En troques, eu incorporaría a “Abicedo”, os pequenos poemas de “Cabrinfollas” (...). Claro é que ista opinión miña ten un valor puramente subxetivo (...).

Eu, d’un modo persoal, atopo do meirande interés a súa proposta de edición de “Abicedo”. É máis, as suxerencias que me fai sobre das condicións de presentación do libro, e de venta, son indiscutiblemente oportunas. Na primeira xuntanza do Consello de “Galaxia”, prometo facer miña a súa proposta. O que xa non lle podo asegurar é que teña resultados inmediatos. Ó parecer, é criterio aceptado consagrar as edicións inaugurais a obras en prosa. Seguidamente, incorporaránse libros de



► Victoriano Taibo, caricatura de Maside


versos ô labor editorial, e daquela poderáse incluír o seu (...).

E nada máis. Xa teremos ocasión de falar de vagar sobre de todo.

Reciba a cordial aperta de sempre de

FFdelRiego

Da lectura desta carta dedúcese varias cousas: 1) Taibo tivo a intención firme de publicar a súa obra poética inédita; 2) confiou a Fernández del Riego os seus cadernos manuscritos e pediulle consello sobre a súa composición; 3) pensou que a nacente Editorial




[A. Bouzó / IEM]

► Homenaxe a Paco del Riego en Nigrán (19/10/2002)

Galaxia (fundada o 25 de xullo daquel ano) sería un bo acubillo para aqueles versos; 4) decidiu chamar os seus poemarios *Abicedo* e *Cabrinfollas*, aínda que nalgún momento tamén se barallarían outros títulos provisorios, como se sabe.

¿Que puido suceder, logo, para que ao final non fosen publicados os poemas do santiagués en Galaxia? A propia carta dá unha razón, mais non convence; Del Riego escribe: “Ó parecer, é criterio aceptado consagrar as edicións inaugurais a obras en prosa. Seguidamente, incorporaránse libros de versos ó labor editorial, e daquela poderásen incluír o seu (...)”. Porén, o primeiro libro publicado polo selo vigués sería, precisamente, *Antífona da cantiga* de Ramón Cabanillas, unha recolleita de cantares galegos de tradición oral que vería luz en 1951. Ítem máis: en 1961, baixo a dirección -primeiro executiva, pero ben



pronto unicamente nominal- de Celso Emilio Ferreiro, créase no seo de Galaxia a Colección Salnés, dedicada integramente á publicación de poesía galega. Pois ben, nos cinco anos que median dende o seu xurdimento ata o pasamento de Taibo en 1966 Salnés editou versos de A. Iglesia Alvariño (que iniciou a serie co celebrado *Nenias*), Manuel José Arce y Valladares, Tomás Barros, Ricardo Carballo Calero, Augusto María de las Casas Blanco, Xosé María Castroviejo, María Manuela Couto Viana, Florencio Delgado Gurriarán, Xosé Díaz Xácome, Manuel María, o propio Celso Emilio, Miguel González Garcés, Bernardino Graña, María do Carmo Kruckenberg, Anne Marie Morris, Emilio Pita, Ánxel Sevillano, Antón Tovar e Pura Vázquez.

Cómpre insistir: ¿por que non apareceron en Galaxia as poesías de Taibo? É evidente que o xénero no que se manexou non era impedimento ningún. Daquela, ¿que outras razóns podería haber? Tampouco debe atribuírse a Fernández del Riego desidia ningunha na defensa dos valores da poesía de Taibo, posto que ben claramente compromete a súa palabra en facer de valedor da mesma no seo do consello editorial.

Por tanto, cabe preguntarse: ¿quen, á parte de Fernández del Riego, dirixía entón en primeiro termo os destinos de Galaxia? A resposta é ben coñecida tamén: Xaime Illa Couto dunha banda e Ramón Piñeiro doutra. E agora aventurarei unha hipótese... Non sabemos cal foi no seu momento o parecer de Illa Couto sobre a conveniencia ou non de publicar os poemas de Taibo ou dos moitos outros que ao longo daqueles anos foron aparecendo na casa editora. Ora ben, o que si coñecemos é a manifesta preferencia de Piñeiro por aquelas obras que representasen un *aggiornamento* do labor literario daquela hora sen por iso romper de xeito definitivo coa tradición herdada. Con esta escala de valores, probablemente a visión do Taibo poeta se lle fixese ao de Lánacara “pouco moderna” e, nun momento de tenteo como o que experimentaba Galaxia no seu arranque, as apostas pasaran por outros autores antes que o santiagués, quen posiblemente puido ter a oportunidade de



▶ Ramón Piñeiro

imprentar os seus textos máis tarde, pero que, seguramente defraudado, xa non se sentiu coa ilusión necesaria para facelo naquela casa.

Sexa como for, o certo é que os versos de Taibo nunca foron impresos no prelo de Galaxia e chegaron ata nós como cadernos de antoloxías inéditas no seu conxunto.

A RECEPCIÓN INTERNA

No actual estado de investigación, non nos consta que Taibo intentase publicar os poemarios en ningún outro lugar, entre outras cousas porque tampouco as posibilidades editoras da Galicia dos cincuenta eran moitas. Así pois, o seguimento do coñecemento que destes textos houbo ten de facerse, necesariamente, acudindo á bibliografía pasiva e a outros escritos persoais, únicos documentos a través dos cales é posible reconstruír a recepción interna desta produción, cómpre non esquecerlo, inédita en volume e, polo mesmo, ignorada para practicamente todos.

A primeira noticia pública destes cadernos áchase nunha nota sen asinar titulada “Victoriano Taibo, maestro del habla” que recolleu o *Faro de Vigo* do 31 de xuño de 1949. Nela líase:

Además de las reediciones que prepara de *Abrente* y *Da vella roseira*, ambos totalmente refundidos y seleccionados, en la actualidad termina *Cabrinfollos* [sic] (poesías gallegas) y *Do agro aberto* [sic], colección de cuentos y leyendas populares...

Deixando á parte a errónea interpretación dos títulos por parte do xornalista, o que descobre o escrito é que Taibo estaba xa en plena reestruturación do conxunto da súa produción con vistas ao seu (re)lanzamento editorial, ben a través da reedición de textos xa coñecidos ben por medio da publicación de novas obras.

Nunha liña ben próxima móvese o artigo, tamén anónimo, “Nuestros poetas trabajan”, que viu luz o 7 de xaneiro de 1950 no famoso “Suplemento del Sábado” do vespertino santiagués *La Noche*. Alí aclarábase:

Actualmente, el poeta, vive en su retiro de Morgadán, sumergido en la auténtica emoción de una galleguidad entrañable. Taibo sigue laborando literariamente, en su soledad gondomareña. Revisa su obra, y crea otra nueva. Prepara ahora un nuevo *Abrente*; se compone de cincuenta y tantas composiciones, selección de lo mejor que ha hecho. Del primitivo libro, publicado en 1921, no conserva más que dieciocho poemas, bien corregidos. Es, pues, un libro nuevo o casi nuevo.

Abondando sobre a cuestión, un ano máis tarde Fernández del Riego no seu *Manual de Historia de la literatura gallega* expresaba que:



[A. C. San Roque]

▶ Morgadán, na década de 1930

Escribiu os primeiros versos cando contaba pouco máis de vinte anos. Su obra poética está representada en dous libros: *Abrente* y *Da vella roseira*. Tiene terminado un novo volumen de poesías, que titula *Cabrinfolas*.

Como se bota a ver, Del Riego optou aquí xa por filtrar a información da que dispuña grazas á correspondencia mantida co poeta (cfr. *supra*) e deu razón tan só dun dos cadernos dos que era sabedor.

O mesmo estudoso engadiu nova información tres anos máis tarde ao publicar o ensaio *Galicia no espello*. Alí escribía:

A súa produción está publicada en *Abrente* (poemas do amor e da sidade), e no libro *Da vella roseira*. Pero o seu labor poético se non esgota ahí. Ten en preparación un novo volume, *Enxangadas*, e conserva inéditos moitos outros poemas.

Xa que logo, á altura de 1954 Del Riego, que seguía en contacto con Taibo, confirmaba que o poeta santiagués continuaba laborando nos seus inéditos e daba como título posible dun hipotético volume dos mesmos o vello rótulo que o compostelán manexara na Pregoira,

Enxangadas, título que rapidamente ficaría de novo no esquecemento.

J. Marqués Peña, nun seu traballo titulado “Un poeta de Galicia. Victoriano Taibo”, comentaba dende as páxinas de *Galicia Social* por volta do 6 de novembro dese mesmo ano: “De sus tres obras inéditas quizá agrade máis *Abicedo*. No obstante, *Cabrinfolas* y *Da vella roseira* son igualmente interesantes y bellísimas...”. Obviando o erro final, tamén aquí volven aparecer como títulos das dúas coleccións inéditas os que finalmente ficarían.

Apenas uns meses máis tarde, en 1955, novamente Del Riego publicaba a fulcral *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos*. Na ficha biobibliográfica que antecedía a selecta do poeta indicaba: “Como poeta é autor dos libros *Abrente* e *Da vella roseira*, e ten rematados *Cabrinfolas* e *Abicedo*”.

Logo, na parte dedicada á antoloxía de textos, explicaba:

Os poemas escolmados corresponden ós seguintes libros: 1 a 3, a *Abrente*; 4 e 5, a *Da vella roseira* (con algunhas cantigas inéditas intercaladas); 6, a *Cabrinfolas*; 7 e 8, inéditas.

En realidade, o poema número seis –que na selección de Del Riego levaba o título de “Gaita”– só se conservou no que máis arriba se chamou *Caderno borrador*, de onde non pasou xa nin a *Cabrinfolas (mc.)* nin a *Cabrinfolas (ms.)*. Canto aos números sete e oito, son, en efecto, composicións inseridas en *Abicedo (ms.)*, - antes en *Abicedo (mc.)*-, mais non é certo que fosen inéditas en 1955, pois o primeiro deles, “O sapiño”, inserírase xa na terceira entrega da revista *Sonata Gallega* no verán de 1944 e, do mesmo xeito, tamén o segundo, “Alalá suidoso”, aparecera na seguinte entrega de *Sonata Gallega* no outono dese mesmo ano.

Tamén en 1955, pero polo mes de agosto, Emilio Acebedo facíase eco na revista *Vida Gallega* do acto de “Homenaje a Victoriano Taibo” que os seus ex-alumnos lle tributaron en Vigo tras a xubilación. Na súa cumprida crónica non esquecía advertir:




Pero no se crea que Taibo, aun cuando no ha publicado libro alguno desde 1924, ha permanecido mudo a su inspiración poética. Nos consta que ha trabajado intensamente, en plena madurez y dominio de su instrumento poético, y que pronto vamos a tener el placer de ver en las librerías *Abicedo*, “poemas de amor e de suidade”, un libro que sin duda va a ser un acontecimiento en las letras gallegas.

Mágoa que non se materializasen os ventureiros augurios do cronista, pois aínda máis dun lustro despois o propio Taibo continuaba facendo chegar á prensa a información de que se atopaba preparando novos volumes poéticos para dar ao prelo. Así, en xaneiro de 1961 a revista *Vida Gallega* publicou na súa sección “Los Poetas” unha escolma de media ducia de textos dos que se advertía: “Los sonetos que se insertan en esta páxina pertenecen a *Abicedo*, uno de sus libros inéditos”.

Os poemas aos que se alude son “Sol criador”, “Miñas”, “Barcarola”, “O meu castelo”, “Galicia i a lembranza” e mais “¡Lus!”. Pois ben, todos eles, agás o derradeiro, recóllense xa no *Caderno borrador* e volven aparecer en *Abicedo (mc.)*, onde tamén está “¡Lus!”. Mais ningún deles debeu convencer totalmente a Taibo, pois non se encontran en *Abicedo (ms.)*.

Doutra parte, a esta pequena escolma de *Vida Gallega* é á que alude R. Nicolás case corenta anos máis tarde cando nas páxinas que dedica ao poeta no seu traballo “Problemática do Modernismo en Galicia: Cabanillas, Noriega e epígonos do Rexurdimento” (AA. VV., *Galicia. Literatura. O século XX: a literatura anterior á Guerra Civil*, A Coruña, Hércules Edicións, 2000, pp. 72-75) se refire a estes poemas como pertencentes a *Abicedo* e reproduce, novamente, dous deles: “Sol criador” e “O meu castelo”.

Coincidindo co pasamento do poeta o seu bo amigo Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey) publicou o artigo “O poeta Victoriano Taibo, defensor da fala” no *Diario de Pontevedra* do 27 de marzo de 1966 –texto, por



► Obra de Francisco Fernández del Riego, editada en 1954 en Bos Aires, na que lle dedica un capítulo á figura de Victoriano Taibo

certo, logo reproducido no seu libro de 1977 *Galicia no corazón*—. Co coñecemento que lle proporcionaba o ter falado moito e longo co seu amigo daquela tristemente acabado de desaparecer escribiu:

Inéditos deixa tamén outros dous libros: *Abicedo* e *Cabrinfolas* i é moi probable que aínda teña rematado outro libro de contos, do que me tiña falado mais dunha vez.

Tamén en 1966, pero polo San Martiño, un artigo sen asinar aparecido no *ABC* como “Escolma de poesía. Os contemporáneos. Victoriano Taibo” lembraba que: “Su obra poética está recogida en los libros *Abrente*, *Da vella roseira*, *Cabrinfolas* y *Abicedo*”.

Cinco anos máis tarde, Del Riego deu ao prelo unha nova edición en galego da *Historia da literatura galega* que publicara dúas



décadas antes en castelán. Nela reiterou a información dada na primeira edición cun pequeno engadido en rigor necesario: “Cando o solprendeu a morte andaba a preparar un novo volume de poesías co título de *Cabrinfolas*”.

Finalmente, no seu *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990) Del Riego calca, letra por letra, o escrito en 1971.

Mais non foron estes os únicos estudosos que se referiron nalgún momento á obra inédita de Taibo, aínda que no caso de Del Riego si parece ser a fonte da que outros beberon para os seus comentarios. Así, cando o de Santiago falece, a Real Academia Galega, seguindo un vello costume, encarga a outro académico unha nota necrolóxica sobre o compañeiro ido. O escollido inicialmente fora Fermín Bouza Brey, bo amigo de Taibo, e así se reflicte nas actas que dan conta da reunión levada a cabo polo plenario da institución en maio de 1966. Mais, non se sabe moi ben por que razón, o caso é que foi finalmente Ricardo Carballo Calero quen se encargou da redacción dun rememorative texto laudatorio que se incluíu no número 358 do *Boletín* da Academia, correspondente a decembro de

1976. O autor de *Scórpio*, seguindo sen dúbida as pistas bibliográficas dadas por Del Riego e, moi probablemente, manexando información verbal sobre o particular que este lle transmitiu, deixou alí escrito:

Aínda que é exigua a bibliografía de Taibo en materia de libros, para un home que atinxiu os oitenta anos, non habemos de pensar que escribise pouco, senón que as facilidades editoriais que se lle brindaban foron facareñas. Cítanse varias coleccións inéditas de versos da súa autoría: *Cabrinfolas*, *Enxangadas*, *Abicedo*.

O manifestado nesta pasaxe por Carballo Calero coincide tamén co que deixara exposto un ano antes ao publicar a segunda edición da súa magna *Historia da literatura galega contemporánea*. Ambos textos non fan senón confirmar que o coñecemento que o ferrolán posuía do asunto tiña como orixe o propio Del Riego, quen tamén debeu informalo das infrutuosas conversas que mantivo con Taibo para ver de publicar no seu momento en Galaxia os seus versos.

Por suposto, tanto o anónimo redactor da entrada dedicada ao poeta no correspondente



[Miguel Anxo Mourino / IEM]



► Gloria Taibo e Miguel Rodríguez na súa casa de Vigo (20/08/2008)

volume da *Gran Enciclopedia Gallega* –que debeu ser escrita contra mediados dos anos 1980– coma o equipo que elaborou a súa ficha en 1995 para o *Dicionario da literatura galega*. I. Autores repiten manidamente o que copiaron dos traballos de Del Riego e Carballo Calero verbo da existencia destas obras inéditas.

Moi pola contra, quen si demostra ter un coñecemento directo destes manuscritos é Xesús Alonso Montero ao publicar o 20 de xaneiro do 2007 un breve artigo no xornal *La Voz de Galicia* baixo o esclarecedor título de “Victoriano Taibo: inéditos valiosos”. Nel, á parte de moita outra interesante información sobre a biobibliografía do escritor, afirma:

Sábese que deixou dous poemarios inéditos, *Abicedo* e *Cabrinfolas*, que el cualifica, respectivamente, como *Poemas de Amore da Suidade* e *Versos d'outrora*. Pois ben, non só existiron senón que non se perderon. Acaba de proporcionarme copia o xenro do autor, don Miguel Rodríguez Rodríguez (casado con dona Gloria Taibo Rebollar). Quizais algúns poemas foron publicados en revistas, sobre todo en *Vida Gallega*.

Tal como expón o profesor de Ventosela, ambos cadernos, custodiados pola familia do poeta, consérvanse e permanecen -agardemos

que por pouco tempo- inéditos como volumes. Mais, se é ben certo que algunhas das poesías destes cadernos apareceron antes en *Vida Gallega*, tamén o é que, con igual insistencia, outras foron publicadas no semanario *A Nosa Terra* e as revistas *Lar* e *Sonata Gallega*, rexistrándose tamén este tipo de entregas -ben que de xeito xa máis esporádico- en cabeceiras como *Estudios Gallegos*, *Suevia*, *Alfar*, *Ronsel*, *El Compostelano*, *O Tío Marcos da Portela*, *Céltiga*, *El Pueblo Gallego*, *Nós*, *Sonata Gallega*, *Airiños* ou *La Noche*.

Por remate só me resta mencionar un documento de carácter privado que dá idea do interese que Taibo se tomou nos primeiros anos 50 en tentar publicar estes textos. Refírome á carta-nota que o poeta en castelán Enrique Romero Archidona lle escribe o 31 de xaneiro de 1953, onde responde a unha súa anterior na que lle pedía opinión sobre os textos de *Abicedo*. Archidona detállalle na súa comunicación as tres composicións que foron máis do seu gusto, os dous sonetos máis belos e aínda outros versos que, ao seu entender, destacaban sobre do resto.

Queda, pois, máis que demostrada a determinación de Taibo por publicar estes materiais que, por reveses do destino, non chegaría nunca a ver en letra de imprenta.



Taibo: UN POETA POR RECUPERAR

A obra de Taibo, no seu conxunto, segue por recuperar. E isto tanto no que atinxe á súa poesía édita, hoxe inencontrable agás en bibliotecas moi especializadas, como, sobre todo, á súa descoñecida obra inédita.

Así pois, imponse como necesario acometer a pronta edición destes cadernos manuscritos, porque só dándoos a coñecer poderá ser máis xustamente estimada a súa valía como poeta, xa que estes volumes recollen unha produción moi

dilatada no tempo (medio século), abondo numerosa (máis de setenta composicións) e moi variada tanto estilística coma tematicamente, o que os fai un perfecto mostrario dos diferentes ancos e vieiros andados por Taibo no seu quefacer creativo.

Oxalá ben pronto poida verse cumprida a vontade do poeta, quen deixou a súa familia como encargada de custodiar esta obra e velar pola súa publicación. Á figura de Taibo faríase así xustiza e as nosas letras salvarían para todos un patrimonio que non debería por máis tempo permanecer na sombra. ■